

**Proposta ante a Xunta de Galicia para o
desenvolvemento dunha experiencia de Asistencia
Persoal para mulleres e homes con diversidade
funcional en Galicia segundo o modelo de Vida
Independente**

(10-nov-08)

Índice

Sobre Vigalicia (Asociación de Usuarios e Usuarias de Asistencia Persoal de Galicia).....	3
Antecedentes que motivan esta proposta.....	4
<i>Valoración xeral do Programa Piloto Experimental de asistencia persoal e axuda tecnolóxica para a promoción da autonomía persoal desenvolvido pola FUNGA (2007-2008).</i>	5
<i>Evolución comparativa doutros Proxectos de Asistencia Persoal en España (OVT's)</i>	8
<i>Resultado da aplicación do sistema de “Indicadores de Vida Independiente – Evaluación de políticas sociais”</i>	10
Proposta de Asistencia Persoal e Asistencia Tecnolóxica para mulleres e homes con diversidade funcional en Galicia segundo o modelo de Vida Independente	12

Sobre Vigalicia (Asociación de Usuarios e Usuarias de Asistencia Persoal de Galicia)

Vigalicia (www.vigalicia.org) é unha asociación de ámbito galego que está inspirada polos principios de Dignidade, Igualdade e Autodeterminación inherentes ao ser humano.

A misión de Vigalicia é posibilitar o dereito de toda Persoa con Diversidade Funcional (discapacidade) a exercer o poder de decisión sobre a súa propia existencia e participar activamente na vida da súa comunidade igual que calquera outro cidadán.

Un dos fins de Vigalicia é servir como instrumento de apoio e intermediación para a consecución e xestión de recursos suficientes para a Vida Independente, tales como sistemas de Asistencia Persoal e Asistencia Tecnolóxica baixo a filosofía da Vida Independente, así como da accesibilidade e o deseño universal dos espazos e produtos.

Vigalicia constituíuse en 2007 para levar adiante o **Proxecto Piloto de Asistencia Persoal en Galicia**.

Antecedentes que motivan esta proposta.

Durante o período 2004-2005, á vista da información que co tempo constituiría o proxecto da Lei de Promoción da Autonomía Persoal¹, membros do Foro de Vida Independente en Galicia, conviñeron en iniciar un proceso co que confiaban materializar en Galicia unha experiencia de asistencia persoal para desenvolver a cotidianidade da súa vida diaria en similitude coa doutro cidadán do estado español.

Mantiveron entrevista co Presidente da Xunta de Galicia, D. Emilio Pérez Touriño (outono de 2005), na que tiveron oportunidade de explicarlle a bondade de iniciar un proxecto piloto de Vida Independente en Galicia.

A resposta do Sr. Touriño ás propostas formuladas polos membros deste grupo non puido ser máis positiva.

Na mesma liña, se solicitou apoio ó Parlamento de Galicia, ós tres grupos políticos PPG, PSOE-PSG e BNG, os cales consideraron positiva a proposta presentada e proporcionaron un impulso determinante a este proxecto a través dunha **Proposición Non de Lei**² aprobada polos tres grupos na cámara de representación.

Estas primeiras actuacións dos membros do **Foro de Vida Independente** en Galicia (posteriormente VIGALICIA) deron pé a posta en marcha do primeiro **Programa Piloto Experimental de asistencia persoal e axuda tecnolóxica para a promoción da autonomía persoal**³, xestionado pola FUNGA, por encomenda da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, durante o período 2007-2008 e do que se beneficiaron 30 persoas con diversidade funcional.

¹ En referencia á Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, aprobada un ano e medio logo de iniciado este proceso.

² Proposición Non de Lei publicada no DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA - Número 72, VII lexislatura, Serie Pleno - Sesión plenaria - 14 de febreiro de 2007

³ Memoria 2007 da Fundación Galega para o Impulso da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia.

Valoración xeral do Programa Piloto Experimental de asistencia persoal e axuda tecnolóxica para a promoción da autonomía persoal desenvolvido pola FUNGA (2007-2008).

Finalizado este proxecto piloto de asistencia persoal, a valoración que VIGALICIA fai do mesmo é a seguinte:

Consideramos **que se incumpriu o mandato** que o Parlamento de Galicia fixo á Xunta de Galicia para: “*Crear un programa piloto non ano 2007 que permita implantar un servizo de asistencia persoal e asistencia tecnolóxica de xeito progresivo ás persoas con diversidade funcional de ámbito galego. Iniciar ou proceso coa participación dous colectivos implicados e que se rexen baixo vos principios de actuación do modelo de vida independente e habilitar as partidas necesarias para levar a cabo este proxecto.*”

Algún dos motivos que xustifican esta aseveración fundaméntanse en datos como:

- O Proxecto Piloto púxose en marcha dous meses e medio antes de que acabase o ano 2007. Ata o convenio de colaboración con VIGALICIA asinouuse no mes de decembro a escasos días de concluír o ano 2007.
- A día de hoxe, descoñécese o informe de avaliación do mesmo por parte e Vicepresidencia/FUNGA que leve, ou non, a implantar ese servizo no futuro e se esta avaliación final do proxecto foi asignada a unha entidade externa, neste caso, á Universidade de Santiago de Compostela como suxerira VIGALICIA: “Un equipo de avaliación vinculado á Universidade de Santiago (USC) que realizará as actividades de supervisión e control necesarias en todas as fases do proxecto, informando á organización de modo exhaustivo e avaliando os efectos do proxecto e a incidencia dos factores que interveñen no proceso”.
- Certamente, formalizouse un *programa asistencial*, pero non un *proxecto de Asistencia Persoal* segundo os criterios establecidos polo *Movemento de Vida Independente*, criterios que argumentaron a Proposición Non de Lei do Parlamento e en base aos cales iniciouse todo este proceso no ano 2005.
- De ningún xeito satisfíxéronse as expectativas de ser un proxecto que proporcionase, ao sistema de asistencia persoal, a Asistencia Tecnolóxica tal e como aparece no seu enunciado. En ningún momento ofertouse e/ou estudiouse a posibilidade de dispor de tales recursos aos usuarios/asistentes persoais.
- Impúxose a inclusión e participación directa da COGAMI na contratación e seguimento dos asistentes persoais, sendo unha entidade coñecida pola súa actividade afastada dos principios de actuación do modelo de Vida Independente.
- VIGALICIA, no período de execución do proxecto e aínda sendo a entidade promotora do mesmo, foi mantida ó marxe de toda toma de decisións,

procedementos de traballo, seguimento, avaliación... salvo en contadas ocasións nas que se lle convocou a título informativo.

Os obxectivos do Proxecto Piloto de Asistencia Persoal e Asistencia Tecnolóxica defendidos desde o comezo por Vigalicia, e expostos xa na primeira redacción do proxecto, **non se cumpriron** e a pirámide de actuación en calquera proxecto de Vida Independente viuse completamente invertida, é dicir, da xestión e autodeterminación por parte dos usuarios hacia a Vida Independente, pásase a xestión externa hacia o usuario.

Esta afirmación vén xustificada por:

- O proxecto inicial viuse desvirtuado ao entender este só como unha aplicación dineraria nun programa limitado no tempo, prazo consumido inxustificadamente e sobre o que se improvisou sen mediar explicación. O proxecto perdeu, pois, todos os elementos que en principio posibilitaban facelo extensible no tempo e universalizar na sociedade galega este servizo.
 - i. Non se resolveu o *empoderamento* das persoas con diversidade funcional, o apoio entre pares, os mecanismos de fortalecemento de autodeterminación dos usuarios, elementos crave e básicos do ideario de Vida Independente desde o que se configurou este proxecto.
 - ii. A xestión e toma de decisións non estivo en man dos usuarios e usuarias do proxecto polo que todo o proceso viuse tutelado tanto pola FUNGA como pola entidade xestora das contratacións (COGAMI).
 - iii. Nos procesos previos para determinar o custo/hora asignabei aos usuarios, someteuse a unha permanente dinámica de negociación nun proxecto que parece que quixera gastar máis en xestión que no seu obxectivo orixinal.
 - iv. A FUNGA, meses antes de dar por concluído o proxecto, procedeu a instar aos usuarios, mediante ameaza de expulsión do mesmo, a someterse aos procedementos de valoración da LEPA aducindo que era un “agravio comparativo” respecto de quen ven adscribíndose aos recursos que prevé a Lei. Se contraviña así un acordo previo para cos usuarios do proxecto "orientándoos" cara a modelos asistenciais diferentes aos promovidos polo proxecto. A xuízo de Vigalicia demostrábase así que nunca se entendeu o cualificativo de “piloto” na súa acepción de ensaio, de experimentación demostrativa e trasladable.
 - v. Non se volveu a expor o compromiso adquirido de organizar seminarios informativos para a creación de fórmulas organizativas que puidesen manter a continuidade do sistema.

- vi. A entidade xestora, COGAMI, nalgúns casos excede o seu rol e competencia no proxecto, ameazando con dar por concluída a permanencia no proxecto a usuarios que se atrasaron en achegar os xustificantes de execución de horas da súa AP e/ou inquirindo aos asistentes persoais sobre aspectos da intimidade familiar dos usuarios.

No momento de redactar este documento, estase a ampliar por un ano máis esta experiencia sen ter avaliada a anterior, improvisando cada día, fundamentándose en modelos asistencialistas e graciabeis e, o que nós consideramos máis grave: a tentar implantar un sistema de asistencia persoal en Galicia, aberto a toda a cidadanía que o precise, BAIXO PREMISAS ERRONEAS, INXUSTAS E APARTADAS DOS PRINCIPIOS DE MODELO DE VIDA INDEPENDENTE E DA CONVENCIÓN DE NACIONES UNIDAS DOS DEREITOS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE.

Evolución comparativa doutros Proxectos de Asistencia Persoal en España (OVI's)

(¡ATENCIÓN! Esta comparativa está feita comparando as memorias de 2007 dos 3 proxectos piloto, dado que non hai datos completos de 2008, polo momento, pero xa se pode adiantar que os resultados das OVI's de Madrid e Barcelona deste ano son moito máis positivos que os aquí expresados.)

	OVI Madrid	OVI Barcelona	Proxecto Piloto AP Galicia
Promotor:	Foro de Vida Independente	Foro de Vida Independente	Foro de Vida Independente
Xestión	ASPAYM (asociación de usuarios)	Asociación de persoas con diversidade funcional física da cidade de Barcelona "Oficina de Vida Independent".	FUNGA (entidade governamental)
Entidade responsable e financiadora	Comunidad Autónoma de Madrid, Consejería de Familia y Asuntos Sociales	Instituto Municipal de Personas con Discapacidad del Ayuntamiento de Barcelona.	Vicepresidencia do Benestar, Xunta de Galicia
Data de comenzo	xullo, 2006	Novembro 2006	Outubro, 2007
Data de finalización	Decembro, 2008	Decembro, 2008	Outubro, 2008
Importe invertido no ano 2007	1.212.753,00 €	266.388,00 €	320.000,00 € (extraoficial)
Nº Usuarios/as	39	12	30
Nº de Asistentes Personais contratados	139 (70 permanentes, resto para suplencias, etc)	65 (25 permanentes)	?¿?¿
Equipo de xestión	5 persoas: 1 Coordinadora (T. Completo), 2 Traballadoras Sociais (T. Parcial), 1 Aux. Admtva. (T. Completo), 1 Aux. Admtva. (T. Parcial).	2 coordinadoras a T. Parcial (20h/sem) participantes, á súa vez, o proxecto. -Servicio contratado de una gestoría	?¿?¿
% destinado á contratación AP's	90%	83,4%	56,25% (extraoficial)
% destinado á xestión	10%	16,6%	43,75% (extraoficial)
Media de horas/usuario/día	5h	6h	6h
Servicios de valor engadido	Sí: • Información e Asesoramento en VI • Formación en VI • Apoio entre iguais • Atención directa e permanente	Sí: Vivenda adaptada Prestación suministros (gastos corrientes da vivenda, etc) -Información e asesoramento	?¿?¿

	<ul style="list-style-type: none">•Elaboración documentación•Bolsa de AP's	<ul style="list-style-type: none">-Intermediación-Reclutamento APs-Xestión laboral –administrativa e contable-Difusión da filosofía de VI, da figura do AP e do proxecto-Avaliación e documentación-Apoio entre iguais-Búsqueda de financiación	
--	---	---	--

Como se pode apreciar na tabula comparativa existe unha total ausencia de información sobre o proxecto piloto de Galicia. Información que levamos recadada da FUNGA e da Vicepresidencia da Xunta en diversas ocasión sen resposta algunha.

Resultado da aplicación do sistema de “Indicadores de Vida Independiente – Evaluación de políticas sociales”

Aplicada a ferramenta de “*Indicadores de Vida Independiente – Evaluación de políticas sociales*”⁴ desenvolvida especificamente para avaliar o grao de aproximación de proxectos sociais e de Asistencia Persoal ó modelo de Vida Independente, o Proxecto Piloto que ven de rematar da como resultado que éste aseméllase a dito modelo tan só un **39,19%**

		Porcentaje máximo de copago medio	0,00	
		Máximo de horas promedio de asistencia personal al día	6,00	
		Denominación del Proyecto de Vida Independiente	Prog Piloto Exp de asistencia persoal e	
		Indicadores	Indicador Individual Valorado (IIV)	Indicador Individual Ponderado (IIP)
Índice de Ponderación	1,50	Horas suficientes	20,00	30,00
	1,50	Vida Comunitaria	100,00	150,00
	1,00	Control de los recursos	50,00	50,00
	1,00	Formación	50,00	50,00
	1,00	Apoyo entre iguales	0,00	0,00
	0,60	Sin copago	100,00	60,00
	0,50	Codecisión	0,00	0,00
	0,50	Coordinador participante	0,00	0,00
	0,40	Coordinada por PDF	0,00	0,00
	0,40	Edad	0,00	0,00
	0,40	Transversalidad	20,00	8,00
	0,40	Proyecto de Vida	100,00	40,00
	0,40	Participación	0,00	0,00
	0,10	Prestación económica	0,00	0,00
	0,10	Vivienda	0,00	0,00
0,10	Ayudas Técnicas	0,00	0,00	
		Indicador No Homogéneo del Proyecto de Vida Independiente (INHPVI)	388,00	
		Indicador de Vida Independiente (IVI) (en %)	39,19	

⁴ “*Indicadores de Vida Independiente (IVI) para la evaluación de políticas y acciones desarrolladas bajo la filosofía de Vida Independiente*”, A.Centeno, M.Lobato, J.Romañach, Foro de Vida Independiente, 2008

Ante a situación que se ven de describir de xeito sintético:

- Incumprimento do mandato que o Parlamento de Galicia fixo á Xunta de Galicia par aposta en marcha dun Proxecto Piloto de Asistencia Persoal e Asistencia Tecnolóxica **baixo o ideario de Vida Independente**,
- Incumprimento dos obxectivos do Proxecto Piloto de Asistencia Persoal e Asistencia Tecnolóxica defendidos desde o comezo por VIGALICIA, e expostos xa na primeira redacción do proxecto.
- O agravio comparativo que existe entre os usuarios e usuarias do Proxecto Piloto de Galicia e proxectos de asistencia persoal que se estiveron levando a cabo en España de xeito paralelo (Madrid e Barcelona).
- A ausencia de información sobre os resultados, conclusión, inversións, avaliación, viabilidade e futuro mantemento do proxecto piloto de Galicia.
- O resultado pésimo da aplicación do Sistema de “Indicadores de Vida Independiente – Evaluación de políticas sociais” sobre o Proxecto Piloto dando como resultado tan só un 39,19% .

VIGALICIA considerase na obriga de solicitar se poña en práctica un verdadeiro modelo de Asistencia Persoal e Asistencia Tecnolóxica baixo o modelo de Vida Independente que supoña unha proba real de funcionamento deste sistema, xa avaliado e probado de xeito satisfactorio dende hai máis de 30 anos en moitos países, e que permita sentar as bases do futuro Sistema Galego de Asistencia Persoal de Galicia.

Proposta de Asistencia Persoal e Asistencia Tecnolóxica para mulleres e homes con diversidade funcional en Galicia segundo o modelo de Vida Independente

Aproveitando a posta en marcha por parte da FUNGA dun programa de asistencia persoal durante 2008-2009 acollido ó Sistema Galego de Benestar, propoñemos que **Vigalicia se convirta na Oficina de Vida Independente (OVI) de usuarios e usuarias que desexen autoxestionar a súa Asistencia Persoal segundo o modelo de Vida Independente.**

Posibilitamos así a xestión dos recursos de Asistencia Persoal mediante modelos organizativos de tipo cooperativo ou de Oficina de Vida Independente, nos que as persoas partícipes son membros activos da xestión dos seus propios recursos, encargándose de apoiar e formar a novos usuarios e traballadores, compartindo gastos e distribuindo persoal de apoio en función das necesidades dos membros, poñendo en valor a experiencia individual, sistematizada como fonte de coñecemento especializada en materia de Asistencia Persoal.

Non sendo posible nesta etapa o establecemento dun sistema de Pago Directo como fórmula de provisión de Asistencia Persoal, VIGALICIA-OVI, recibiría o mesmo montante que por usuario está a librar a FUNGA (1300 eur) e traspasaría o completo control ó usuario sobre o servizo contratado, tomando unha posición máis activa nos servizos de apoios prestados, responsabilizándose da administración dos fondos e da dirección dos traballadores que necesita para edificar o seu modo de Vida Independente.

Efectuar as oportunas avaliacións intermedias e unha avaliación final. Publicación de resultados.

Estas accións están destinadas a aportar:

- Coñecemento sobre unha nova fórmula de utilización dos recursos sociais, poñéndoos a disposición dos propios usuarios, co propósito de definir un sistema eficiente, flexible e satisfactorio que pase a formar parte da carteira de servizos do Sistema Galego de Benestar.
- Asistencia Persoal **autoxestionada** a un grupo de proba, constituído polo menos por 5 persoas en situación de dependencia.
- Esta proposta non acarrea maior coste para a Xunta xa que serían usuarios que neste momento están no novo Programa de Asistencia da Funga para 2008-2009 (ou están en trámites de selo) e a prestación económica sería a mesma que por usuario recibe a entidade subcontratada pola FUNGA para levar a termo a xestión do Programa.